



OURENSE, A VINTE E UN DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

XUIZ ÚNICO FEGAN

ACTA N° 19-2025 / TEMPADA 2024-25

RESOLUCIÓN EXPEDIENTE SANCIONADOR

Competición: LIGA GALEGA MASCULINA DH 24/25; ABSOLUTA

Equipos participantes: R.C. NÁUTICO DE VIGO - C. MARINA FERROL

Día, hora: 16-3-25; 17:30.

FEITOS

PRIMEIRO: O día 17/3/25 foi remitido a este Xuíz Único acta e anexo adxunto asinados polos árbitros do encontro. No anexo, textualmente, se recollen os seguintes feitos: *No minuto 03:18 do segundo período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador n.º 7 visitante, D. **Nicolás Infestas Carazo**, polos seguintes feitos: Despois de ser chamado polo colexiado para ser apercibido pola súa conduta, continuar as protestas ao colexiado nos seguintes termos: «Macho, es que tienes que ver el resto!» mentres ergue os brazos fóra da auga. Unha vez fóra da área do vaso da piscina, continúa protestando decisións arbitrais dende o espazo de debaixo da grada nos seguintes termos: «¡Y sigue! ¡Y sigue! ¡Mima, no da ni una!». Detense novamente o xogo e indícaselle que debe abandonar a zona de competición. Mentres se dirixe ao vestiario, dille novamente ao colexiado as seguintes verbas: «Nico, ojalá estuviera grabado el partido! ¡Ahí ibas a ver lo que era bueno!». Cómpre insistirlle novamente que debe abandonar a zona, ao que accede finalmente.*

FEITO SEGUNDO: O día 18 deuse trámite de audiencia ós interesados polo prazo de dous días hábiles

FUNDAMENTOS DE DEREITO

FUNDAMENTO DE DEREITO PRIMEIRO: A redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "Iuris tantum" que non foi desvirtuada. Fanse alegacións aportando supostamente unha gravación, a través dun enlace de reprodución, gravación á cal este Xuíz Único non puido acceder. En todo caso, non consta ca FEGAN estea a gravar en formato vídeo, de maneira oficial e cas garantías protocolarias precisas, os encontros disputados. A maior abundamento, este expediente sancionador non versa sobre o comportamento do árbitro, senón sobre o comportamento do xogador; Tampouco ver sobre faltas de respecto ó/ós arbitro/s, senón sobre protestas arbitrais do 7.i.1.a.

FUNDAMENTO DE DEREITO SEGUNDO: Os feitos como constitutivos de infracción **LEVE** do art.7. I. 1. epígrafe "A": Protestar de forma ostensible ou insistente aos xuíces, árbitros e autoridades deportivas no exercicio das súas funcións.

FUNDAMENTO DE DEREITO TERCERO: As sancións que se poden impoñer, con base no artigo 8 son:

- a) Inhabilitación a perpetuidade
- b) Suspensión temporal. Privación da licenza federativa
- c) Amoestación.

FUNDAMENTO DE DEREITO CUARTO: As sancións que se contemplan para infraccións leve no art. 9 son, entre outras: Suspensión de ata un mes, ou dun a catro encontros.

RESOLUCIÓN

Impor a **NICOLÁS INFESTAS CARAZO**, con base nos feitos e fundamentos de dereito descritos: **SANCIÓN LEVE**, consistente en **SUSPENSIÓN TEMPORAL DA LICENCIA FEDERATIVA POR UN ENCONTRO DE CALQUERA CATEGORÍA**.

José Antonio Nóvoa
Colexiado en exercicio I.C.A. Ourense 2.623

Xuiz Unico Comité de Competición da FEGAN
Firmado dixitalmente